

LECTIO QVARTA

1ª E 2ª DECLINACIÓNS. ADXECTIVOS DO 1º TIPO.
O VERBO: TEMA DE PRESENTE DA CONXUGACIÓN REGULAR E DO
VERBO SVM. A CONCORDANCIA
HISTORIA DE ROMA: O IMPERIO.
ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (III)

4.1. A flexión nominal:

4.1.1. Os substantivos: 1ª e 2ª declinacións.

4.1.2. Os adxectivos: 1º tipo.

4.2. A flexión verbal:

4.2.1. Características do verbo: número, persoa, tempo, modo, voz.

4.2.2. As conxugacións regulares: o Tema de Presente ou *Infectum*.

4.2.3. O verbo SVM: o Tema de Presente ou *Infectum*.

4.3. Sintaxe:

4.3.1. A concordancia:

4.3.1.1. Entre os elementos nominais.

4.3.1.2. Entre os elementos nominais e os verbais.

4.4. Historia de Roma: o Imperio.

4.5. *Romāni latine loquebantur (III).*

COGITA!

1. A que xénero cres que pertencen a maioría dos substantivos do galego e o castelán rematados en *-a*? E os rematados en *-o*?

2. Existe o xénero neutro en galego e castelán? E nalgunha outra lingua que coñezas?

3. Por que cres que se estuda o verbo por conxugacións? Cantas e cales son en galego e castelán?

4. Pensa en verbos irregulares como **estar** e **facere**, por exemplo. En que consiste a súa irregularidade?

5. Por que cres que ó complemento que nun grande número de ocasións vén inmediatamente despois do verbo se lle chama COMP. DIRECTO, no caso das oracións con verbos non copulativos, e ATRIBUTO no das que presentan verbos copulativos? Se cadra axudan estes dous exemplos:

Aquel home busca médico

Aquel home é médico

6. Que opinas sobre secuencias como as seguintes?:

Benvidos/as todos/as os/as pais/nais a esta reunión onde imos debater sobre o trato que os profesores/as van dispensar ós vós/as fillos/as

7. Paréceche correcta esta expresión?

Véndese pisos / *Se vende pisos*

8. Colle algún dicionario e observa as entradas das palabras: substantivos, adxectivos, verbos... Por que cres que as Academias escolleron esas formas e non outras?

9. Pensa sobre os diferentes sentidos actuais da palabra “imperio” e busca o significado orixinal da palabra latina da que procede.

MEMENTO!

1. Todos os idiomas teñen unha “forma cero” das palabras, que é a elixida para a súa entrada no dicionario. Temos que aprender esas “formas cero” en latín para as clases de palabras variables: substantivos, adxectivos e verbos. Nos substantivos é especialmente importante, xa que a través do enunciado sabermos a que declinación pertencen: lembremos que cada declinación ten un grupo de desinencias casuais diferentes e, sabendo a que declinación pertence cada substantivo nunca nos equivocaremos: a desinencia **-um**, por exemplo, pode ser Acusativo de Singular (CD/CC) na 2ª declinación, pero Xenitivo de Plural na 3ª, como veremos.

O enunciado dun substantivo latino consta de dous elementos: o primeiro é o Nominativo de Singular (por ser o primeiro da lista dos casos), e o segundo o Xenitivo de Singular (por ser un caso diferente en todas as declinacións e resultar así moi apto para distinguilas). Na seguinte táboa tes cinco palabras modelo para as cinco declinacións latinas:

NOM. SING.	XEN. SING.	ENTRADA NO DICCIONARIO OU VOCABULARIO
rosa	rosae	rosa, -ae
popŭlus	popŭli	popŭlus, -i
homo	homīnis	homo, -īnis
manus	manus	manus, -us
dies	diēi	dies, -ēi

Polo tanto, no vocabulario debemos mirar sempre o que aparece despois da coma: se vemos **-ae**, o substantivo pertencerá á 1ª declinación; se vemos **-i**, pertencerá á 2ª, e así sucesivamente.

Vamos, pois, coas desinencias da 1ª declinación:

<u>CASO (FUNCIÓN)</u>	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>
NOM (SUX/ATRB)	rosa	rosae
VOC	rosa	rosae
AC (CD/CC)	rosam	rosas
XEN (CN)	rosae	rosārum
DAT (CI)	rosae	rosis
ABL (CC)	rosa	rosis

A inmensa maioría das palabras desta declinación son femininas, con algunha que outra excepción, en casos de nomes de oficios: **nauta, -ae** (“mariñeiro”) ou **agricola, -ae** (“labrego”), por exemplo.

A 2ª declinación é máis complexa, xa que inclúe palabras neutras, diferenciadas morfoloxicamente das demais, na súa maioría masculinas (con excepción, por exemplo, dos nomes dalgunhas árbores, como **pinus, -i**, p. ex.). Esa distinción está na primeira parte do enunciado:

- As palabras con NOM. SING. rematado en **-us/-er/-ir** son, en xeral, masculinas:

popŭlus, -i **liber, -bri** **vir, -i** (case a única palabra en **-ir**)

- As palabras cuxo NOM. SING. remata en **-um** son sempre neutras:
templum, -i

Así, as desinencias desta declinación son:

<u>CASO (FUNCIÓN)</u>	<u>MASCULINOS (en xeral)</u>		<u>NEUTROS</u>	
	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>
NOM (SUX/ATRB)	popŭlus	popŭli	templum	templa
VOC	popŭle	popŭli	templum	templa
AC (CD/CC)	popŭlum	popŭlos	templum	templa
XEN (CN)	popŭli	popŭlōrum	templi	templōrum
DAT (CI)	popŭlo	popŭlis	templo	templis
ABL (CC)	popŭlo	popŭlis	templo	templis

Convén que te fixes nun feito relativo ós neutros que che será útil para todas as declinacións nas que existan substantivos dese xénero (ademais da 2ª, tamén a 3ª e a 4ª):

- Non se diferencian dos masculinos e femininos no Xenitivo, Dativo e Ablativo de Singular e de Plural.
- Sempre teñen os casos NOM., VOC. e AC. iguais.
- Eses mesmos casos en plural sempre rematan en -a.

Respecto ós adxectivos, debemos ter presente que son modificadores, e a súa función é, na maior parte dos casos, complementar o substantivo, co que debe concordar en xénero, número e (trazo propio do latín) caso. Por iso, o enunciado dos adxectivos é distinto do dos substantivos. Se pensas nun adxectivo galego ou castelán, verás que moitos poden tomar dúas formas: unha masculina e outra feminina, como en **alto**, **-a**, p. ex. Pois o mesmo acontece en latín, pero co engadido do neutro.

Se relacionamos isto coas dúas declinacións de substantivos que acabamos de ver, decatáremosnos que os masculinos (NOM. SING. en **-us**) seguen maioritariamente a 2ª declinación, os femininos (NOM. SING. en **-a**) case sempre a 1ª, e os neutros (NOM. SING. en **-um**) sempre a 2ª. Polo tanto, o enunciado dun adxectivo da que chamamos 1ª clase (co tempo veremos que hai máis) aparece no vocabulario segundo este modelo:

*bonus, bona, bonum: **bonus, -a, -um***

Debe quedar claro que neste enunciado as tres formas que aparecen son Nominativos de Singular.

Polo tanto, para saber en que caso está unha palabra concreta, deberemos seguir estes pasos:

- 1º: Saber se se trata dun substantivo ou un adxectivo: será un substantivo se o enunciado presenta dúas formas; un adxectivo se ten tres.
- 2º: Se é un substantivo, cómpre identificar a declinación á que pertence (e o xénero, se é da 2ª), e comprobar a desinencia no cadro correspondente.
- 3º: Se é un adxectivo, hai que comprobar a desinencia tanto no cadro da 1ª declinación como no da 2ª.

2. O verbo latino é semellante en moitos aspectos ó verbo galego e ó castelán. Posúe marcas de persoa (3 en singular e 3 en plural), número, tempo (presente, varios pasados e dous futuros), modo (indicativo, subxuntivo e imperativo) e voz (activa e pasiva).

Tamén, igual que en galego e castelán, os verbos en latín agrúpanse por conxugacións. Isto é unha analoxía cos substantivos: eles agrúpanse en declinacións porque cada unha delas comparte unha serie de desinencias casuais; pois os verbos fano pola mesma razón: hai ocasións nas que o Futuro Imperfecto, por exemplo, toma morfemas distintos segundo o verbo pertenza á 2ª ou 3ª conxugacións, por exemplo.

Por simplificar un pouco a cuestión, o latín posúe 4 conxugacións. Como se distinguen? Igual que en galego e castelán: polo enunciado do verbo.

A diferenza está en que o enunciado do verbo latino é bastante máis longo que o das nosas linguas, nas que abonda co infinitivo. O verbo latino presenta un enunciado con cinco formas. Na seguinte táboa verás os enunciados dos 4 verbos modelo de cada unha das 4 conxugacións, así como o que representa cada unha das formas que nel aparece :

CONX.	1ª p. sing. pres.	2ª p. sing. pres.	infinitivo	1ª p. sing. pret. perf.	supino
1ª	amo	amas	amāre	amāvi	amātum
entrada no vocabulario		amo, -as, -āre, -āvi, -ātum			
2ª	moneo	mones	monēre	monui	monitum
entrada no vocabulario		moneo, -es, -ēre, -ui, -itum			
3ª	rego	regis	regēre	rexī	rectum
entrada no vocabulario		rego, -is, -ēre, rexī, rectum			
4ª	audio	audis	audīre	audīvi	audītum
entrada no vocabulario		audio, -is, -īre, -īvi, -ītum			

Hai razóns para que o enunciado sexa tan longo. Velaquí as xustificacións para cada forma:

1. O verbo latino posúe dous temas (e non un só, como acontece na conxugación regular galega e castelá).

- 1º: Con el fórmanse os tempos que non indican pasado completo: a ese chamámoslle *Infectum* ou Tema de Presente. Identificamos ese tema extraendo o -o da primeira forma do enunciado (nos verbos modelo: **am-**, **mone-**, **reg-**, **audi-**). Con ese lexema fórmanse Presente, Pretérito Imperfecto (de Indicativo e Subxuntivo) e Futuro Imperfecto (de Indicativo).
- 2º: Con el fórmanse os tempos que indican pasado completo: a ese chamámoslle *Perfectum* ou Tema de Perfecto. Identificamos ese tema extraendo o -i da 4ª forma do enunciado (nos verbos modelo: **amāv-**, **monu-**, **rex-**, **audīv-**). Con este lexema fórmanse Pretérito Perfecto e Pluscuamperfecto (de Indicativo e Subxuntivo) e Futuro Perfecto (de Indicativo).

2. O infinitivo sérvenos para identificar unha conxugación a través do enunciado: -āre sempre indica 1ª conxugación, e -īre sempre delata a 4ª. En canto á 2ª e a 3ª (ambas -ere) diferéncianse pola cantidade vocálica do primeiro -e: longo na 2ª conxugación e breve na 3ª. Se non aparecen marcadas as cantidades vocálicas, podemos mirar a segunda forma do enunciado: sempre é **-es** na 2ª conxugación, e **-is** na 3ª.

3. En canto ó supino, é unha forma de escasa presenza nos textos, que case non serve para nada máis que para saber que forma

adopta o participio de perfecto do verbo de que se trate. Pero iso é para máis adiante.

Imos entón aprender como se forman en latín os tempos do *Infectum* ou Tema de Presente. Como xa vimos, trátase de Presente, Pretérito Imperfecto (en Indicativo e Subxuntivo) e Futuro Imperfecto (só en Indicativo).

Antes de nada, temos que coñecer a estrutura xeral dos tempos verbais latinos, moi semellante á do galego e castelán. É a seguinte:

TEMA – MORFEMA DE MODO E TEMPO – DESINENCIAS PERSOAIS

Se comezamos polo final seranos máis cómodo, posto que as desinencias persoais na voz activa son comúns a todo o *Infectum*, e non se diferencian demasiado das nosas. Xulga ti mesmo:

1ª p. sing.	2ª p. sing.	3ª p. sing.	1ª p. pl.	2ª p. pl.	3ª p. pl.
-o / -m	-s	-t	-mus	-tis	-nt

A distribución **-o/-m** depende de en que remate o segmento anterior do verbo: se acaba en consoante, aparecerá **-o**, e se remata en vogal, teremos **-m**. Esta norma ten unha excepción: o Presente de Indicativo; mais non debe haber problema, pois xa o temos no enunciado.

Despois de todo isto, como se reconece un tempo verbal en latín? Tes dúas opcións:

- Aprender de memoria todos os tempos verbais. Para iso tes unha táboa-resumo de todos os tempos verbais do latín na sección *GRAMMATICA* deste libro.
- Aplicar unha serie de “trucos” para saber en que tempo verbal está cada forma que te atopes nas actividades de análise e tradución.

Se te decides pola segunda opción (a dos “trucos”), deberás realizar as seguintes accións, e nesta precisa orde:

- 1º: Separa a desinencia persoal.
- 2º: Observa en que remata a forma verbal que che queda despois de separar a desinencia: se ves o morfema **-ba-**, estás sen dúbida diante dun Pret. Imperfecto de Indicativo; se ves o morfema **-re-**, tes un Pret. Imperfecto de Subxuntivo.
- 3º: Se non aparecen os morfemas **-ba-** nin **-re-**, poden acontecer dúas cousas:
 - a) Que vexas a secuencia **-bo/bi/bu-**: nese caso, é un Fut. Imperfecto.
 - b) Que vexas unha vogal; nese caso, debes comparala coa da 2ª forma do enunciado do verbo (que é a 2ª persoa de singular do Presente de Indicativo, lembra). Na comprobación, fíxate no seguinte:

- Se a vogal coincide coa da 2ª forma do enunciado ou é un -u-, é Presente de Indicativo.

- Se non coincide nin é un -u-, pode ser Fut. Imperfecto de Indicativo ou Presente de Subxuntivo. Como distinguilos? Debes pensar no Presente de Subxuntivo dun verbo galego ou castelán dunha conxugación equivalente (a 2ª, 3ª e 4ª latinas valen pola 2ª e 3ª nosas, mentres a 1ª latina correspóndese coa 1ª das nosas linguas): se a vogal do verbo latino e a do galego ou castelán son iguais, terás un Presente de Subxuntivo latino; se non, terás un Fut. Imperfecto de Indicativo. Moito lío, non? A ver se te axuda este exemplo:

regāmus

1. Separemos **-mus**: quedanos **rega-**
2. Non vemos **-ba-** nin **-bo/bi/bu-**.
3. Vemos a vogal **-a-**. Comparémola coa 2ª forma do enunciado do verbo: **rego, -is, -ěre, rexi, rectum**.
4. Non coincide coa do enunciado: xa sabemos que é Fut. Imperfecto de Indicativo ou Presente de Subxuntivo (se coincidise ou fose un **-u-**, recoñeceríamos o Presente de Indicativo).
5. O verbo latino pertence á 3ª conxugación (**-is, -ěre**). Pensemos nun verbo da 2ª ou 3ª conxugacións galegas ou castelás: *comer*, p. ex.
6. Formamos o Presente de Subxuntivo do verbo *comer*: *coma, comas, coma, comamos, comades, coman*.
7. Comprobamos que a vogal que se repite ó longo de todo o paradigma é **-a-**.
8. Comprobamos que coincide coa da forma verbal latina cuxo tempo queremos saber: temos un Presente de Subxuntivo latino (se non coincidise, teríamos un Fut. Imperfecto de Indicativo).

3. O verbo *ser* é un verbo especial, morfoloxica e sintacticamente: é moi irregular e mantén unhas relacións co resto dos compoñentes da oración diferentes ás da maioría dos outros verbos (é copulativo: non pode levar CD, mais si ATRB). En latín é o verbo **sum**, e o seu enunciado é como segue:

sum, es, esse, fui

Como ves, ademais é defectivo (non posúe supino, ademais doutros elementos que xa veremos).

Ó ser irregular, non forma os tempos do *Infectum* do mesmo xeito que os regulares: o único que respecta son as desinencias persoais. Para estudar os tempos do Tema de Presente do verbo **sum** tes que acudir á

sección *GRAMMATICA* deste libro: comprobarás que a irregularidade consiste na alternancia de dous lexemas, ás veces mesmo dentro de cada tempo verbal:

- O Presente de Indicativo alterna **s-/es-** (de xeito semellante a galego e castelán).
- O Pret. Imperfecto de Indicativo constrúe o paradigma co lexema **er-(a)-** en todas as persoas.
- De xeito parecido, o Fut. Imperfecto decántase pola raíz **er-**.
- O Presente de Subxuntivo prefire **s-**, tamén inalterado en todas as persoas.
- Finalmente, o Pretérito Imperfecto de Subxuntivo emprega o tema **es-**.

4. A concordancia no latín non se rexe por normas diferentes ás do galego e castelán:

- Concordancia entre elementos nominais: se en galego e castelán substantivo e adxectivo deben concordar en xénero e número, en latín manteñen a mesma obriga, engadíndolle o seu trazo característico: o caso.
- Concordancia entre elementos nominais e verbais: igual que nas nosas linguas, o verbo é o elemento central da oración, e el decide se o SUX (o elemento co que se relaciona máis directamente) debe ser singular ou plural. Isto é moi importante para a mecánica de análise e tradución que de seguido expoñeremos.

Por certo, unha característica do latín moi importante (e que o diferencia moito de galego e castelán) é que non ten artigo determinado nin indeterminado. Polo tanto, veremos que na tradución sempre deberemos optar por empregalo ou non e, caso de empregalo, cal escoller.

5. Para saber que mecánica cómpre empregar para a análise e tradución de oracións latinas, le con moita atención o que vén a seguir. Tomemos esta oración:

Agricolae aram deae rosis ornant

En primeiro lugar, debes localizar o verbo e indicar en que persoa está. Por rematar en *-nt*, *ornant* está en 3ª persoa de plural. Isto é importante, pois indica que o SUX debe estar en plural. De seguido, analizarás os substantivos un por un, poñendo debaixo deles todas as posibilidades morfolóxicas que posúen segundo a súa declinación, incluíndo caso, número e función. Sería así:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. pl.
Dat. sing./CI	sing./CD-CC	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX-		Nom. Pl./SUX-	Abl. sing./CC	Indic.
ATRB		ATRB		

Logo hai que aplicar a lóxica sintáctica: se o verbo está en plural, o SUX debe ser plural; iso quere dicir que podemos descartar a posibilidade de Nom. sing. en calquera palabra que a puxesemos (neste caso, *rosa*). Así:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-CC	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

De seguido, veremos que dúas palabras (*agricolae* e *deae*) teñen a posibilidade de Nom. pl. Agora deberemos acudir ós significados das dúas palabras e mais do verbo: *agricolae* tradúcese por “labrego”, *deae* por “deusa” e *ornant* por “adornar”. Polo senso, parece razoable considerar “labrego” como SUX para a acción de “adornar” mellor que “deusa”. Polo tanto, quedarémonos coa posibilidade de Nom. pl. en *agricolae* e descartaremos as outras dúas. Asemade, teremos tamén que desbotar o posible Nom. pl. de *deae*, xa que só pode haber un SUX (agás que haxa dous Nom. unidos por unha conxunción). Así:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-CC	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

Xa temos identificado o SUX. O seguinte paso será comprobar se existe un CD, xa que nas oracións transitivas a tríada SUX-V-CD achega o senso central. Vemos que só *aram* presenta esa posibilidade, xa que está (e só está) en Ac. Agora ben, sabemos que o Ac. pode ser CD ou CC. Nesta ocasión é doado escoller, xa que un Ac., para ser CC, debe levar preposición, cousa que non se dá aquí. Polo tanto, *aram* será o CD:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-CC	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

Chegados a este punto, podemos ensaiar unha tradución, para ir comprendendo o senso da oración, e así obter un contexto que nos axude a traducir o resto. O único que temos que facer é poñer os significados das palabras cuxas funcións temos identificado, lembrando que o latín non ten artigo e que debemos probar co determinado e o indeterminado:

Os/uns labregos adornan o/un altar

Só nos queda saber as funcións de *deae* e *rosa*. A máis sinxela das dúas agora é *rosa*, xa que só lle quedou unha posibilidade embaixo: a de Abl. sing.: iso sempre será un CC. Para traducilo, probaremos coas preposicións “en”, “con” ou “por”. Combinando unha proba mediante cada unha delas co contexto que xa temos, daremos coa solución:

Os/uns labregos adornan o/un altar na/nunha rosa
Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa
Os/uns labregos adornan o/un altar pola/por unha rosa

Parece claro que a opción máis razoable é a segunda, co cal xa temos que a nosa tradución avanza:

Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa

Recuperamos a análise tal e como a tiñamos feita:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-€€	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

Só nos queda *deae*. Ten as posibilidades de Xen. sing./CN e Dat. sing./CI. O CN (Complemento do Nome), tradúcese sempre coa preposición “de”, mentres que o CI expresámolo coas preposicións “a” ou “para”. Pois teremos que probar esas posibilidades para ver cal cadra mellor co contexto que xa temos construído:

Os/uns labregos adornan o/un altar da/dunha deusa coa/cunha rosa

Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa á deusa /para a deusa

Seguramente nos parecerá que as dúas posibilidades máis razoables son:

Os/uns labregos adornan o/un altar da/dunha deusa coa/cunha rosa

Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa para a deusa

Aínda que non é o máis cotián, esta oración acepta dúas traducións posibles. Isto débese a que é unha única secuencia, separada dun contexto máis amplo. Polo tanto, deberemos escoller, mais, iso si, a análise que deixemos feita deberá concordar perfectamente coa tradución elixida. Xa que logo, se preferimos:

Os/uns labregos adornan o/un altar da/dunha deusa coa/cunha rosa

A análise deberá ser:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-€€	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

Pola contra, se nos quedamos con:

Os/uns labregos adornan o/un altar coa/cunha rosa para a deusa

A análise será:

Agricolae	aram	deae	rosa	ornant
Xen. sing./CN	Ac.	Xen. sing./CN	Nom. sing./SUX-	3ª p. sing.
Dat. sing./CI	sing./CD-€€	Dat. sing./CI	ATRB	Pres.
Nom. Pl./SUX- ATRB		Nom. Pl./SUX- ATRB	Abl. sing./CC	Indic.

É moi importante que sigas sempre e na mesma orde as fases sucesivas deste modelo de actuación. Como puidiches comprobar, trátase dun exercicio de precisión cun alto contido de lóxica, polo que se te saltas calquera dos pasos é bastante doado que te equivoques. Para evitalo, ó

principio hai que ir a modo, mais tamén é certo que convén practicar bastante.

Por iso, despois de todo o exposto ata aquí, xa debes estar preparado para levalo á práctica. Para iso tes unha serie de exercicios, consistentes na análise e tradución de textos latinos, dispostos de xeito que a dificultade sexa progresiva e así afianzar os teus progresos. Están á túa disposición na sección EXERCICIA deste libro, e deberás ir facéndoos segundo o profesor cho pida. E lembra: todo o visto neste apartado recóllese e ilústrase na presentación *ELEMENTA SYNTACTICA*



Para o vocabulario, todo o utilizado na sección *EXERCICIA* aparece nun apéndice ó final deste libro. Fíxate nas palabras que vexas en letra grosa: terás que memorizar o seu significado. Por sorte, o da maioría é transparente por ser moi semellantes a palabras galegas e castelás actuais.

6. Observa as presentacións HISTORIA DE ROMA (III)-O PRINCIPADO e HISTORIA DE ROMA (IV)-O DOMINADO. Retén os feitos máis salientables dese período histórico, tendo presente que a época do Principado é a de maior esplendor político-militar, económico e cultural, á parte de que se adoitan citar as excentricidades de varios dos Emperadores Para obter a perspectiva dun historiador romano, tamén podes ollar a presentación *ALIQVAE RES DE VITA CAESARVM GENTIS IVLIAE-CLAVDIAE (SECVNDVM C. SVETONIVM)*.



7. En latín, como en calquera idioma, existían interxeccións, que son secuencias de son moi breves e que adoitan empregarse con bastante expresividade. De feito, algúns lingüistas cren que están na orixe da linguaxe humana. Estas son algunhas das máis usadas en latín. Coma sempre neste apartado de cada unidade, dispós da presentación *ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (III)*, para ilustrar o uso destas palabras:

INTERXECCIÓN	TRADUCIÓN
<i>st!</i>	
<i>fu!</i>	
<i>ei!</i>	
<i>vae!</i>	
<i>heu! / eheu!</i>	
<i>aha!</i>	
<i>pro...!</i>	
<i>mercle! / mehercle!</i>	
<i>mecastor!</i>	
<i>edepol!</i>	
<i>malum!</i>	
<i>ecce!</i>	
<i>cave!</i>	
<i>age!</i>	
<i>apage!</i>	
<i>vide!</i>	
<i>abi!</i>	

